

Elaborado pola Oficina Técnica do CAU (OTC)









CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN				
NOME DO DOCUMENTO:	IE DO DOCUMENTO:Guía para a instalación e conexión da VPNXG F5 corporativaVERSIÓN:01.02			
COD. DO DOCUMENTO:	Manual_VPNXG_F5_v.01.02			
ELABORADO POR:	Oficina Técnica do CAU	DATA:	23/05/2022	
VALIDADO POR:	Departamento de Medios e Capacitación Dixital	DATA:	23/05/2022	
APROBADO POR:	Departamento de Medios e Capacitación Dixital	DATA:	23/05/2022	

	REXISTRO DE CAMBIOS	
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01.00	Versión Inicial	04/12/2021
01.01	Actualización para Linux	07/03/2021
01.02	Creación dos apartado "Introdución" e "Preguntas frecuentes"	23/05/2022

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.





Índice

1. Introdución	4
2. En Windows 7/8/10	5
 2.1. Requisitos 2.2. Pasos para conectarse 2.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado	
3. En Mac OS	17
 3.1. Requisitos 3.2. Pasos para conectarse 3.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado 3.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN 3.3.2. Instalación e conexión a través do cliente pesado da VPN 	17 17 19 19 22
4. En Linux	27
 4.1. Requisitos 4.2. Pasos para conectarse 4.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado 4.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN 4.3.2. Instalación e conexión a través do cliente pesado 	
5. En Android	
5.1. Requisitos 5.2. Pasos para conectarse	33 33
6. En IOS (Iphone e Ipad)	
 6.1. Requisitos 6.2. Pasos para conectarse 6.2.1. Importar o certificado FNMT (se non o ten xa no dispositivo) 6.2.2. Dar permisos á aplicación para acceder ao certificado FNMT 6.2.3. Configuración da aplicación 	
7. Preguntas frecuentes	45





1. Introdución

A VPN corporativa da Xunta de Galicia trátase dunha rede privada virtual (coñecida coas siglas VPN), corporativa e persoal, que permite o acceso remoto á Rede Corporativa da Xunta de Galicia (en diante RCXG), tanto aos/ás empregados/as públicos/as como ao persoal colaborador de empresas de servizos no contexto dos contratos vixentes, ou a outro tipo de organizacións que manteñan algún vínculo contractual coa Xunta de Galicia.

A VPNXG F5 habilita o acceso remoto á RCXG dende equipos externos á mesma, tanto dende portátiles en mobilidade coma dende outros equipos non corporativos (PC da casa...).

Unha vez que a persoa usuaria se conecta á RCXG a través da VPN corporativa persoal poderá acceder:

- A recursos internos, como pode ser o caso desta intranet
- A aplicacións corporativas coma PortaSinaturas, Sistema Electrónico de Facturación (SEF)...
- Mediante escritorio remoto ao equipo de sobremesa do posto de traballo, sempre e cando o equipo se deixase acendido. Desta forma poderá tomar o control remoto da sesión do equipo nas mesmas condicións que quedou cando se deixou o posto de traballo, incluíndo o acceso ás rutas das carpetas de rede corporativas: unidade persoal P:, unidades T:, S:...

A continuación especifícanse as principais características da plataforma VPNXG F5:

- Para o uso da VPN corporativa é preciso solicitar a alta previamente na mesma. A alta pódese solicitar cubrindo o formulario de solicitude dispoñible no portal <u>Axudot</u> no menú Liñas de datos e rede / Conexión a rede Xunta dende o exterior / Conexión persoal (VPN) / Modificación da VPN Persoal.
- A plataforma xeralmente utiliza **dobre factor de autenticación** para o acceso: credenciais do dominio da Xunta de Galicia (usuario e contrasinal de Windows co que se inicia sesión no equipo da oficina) e certificado dixital. Como alternativa ao certificado dixital, para determinados perfís de acceso a plataforma tamén envía un código por correo electrónico en caso de non dispor de certificado instalado no equipo persoal.
- Hai dous tipos de cliente VPNXG F5 :
 - Cliente web (https:// vpnxg. xunta. gal)
 - Cliente pesado ou de escritorio (BIG-IP Edge Client). Recoméndase a instalación e uso do mesmo.
- O cliente pesado ou de escritorio (BIG-IP Edge Client) instálase no equipo persoal e non no equipo da oficina.
- Tanto o uso do cliente web como do pesado requiren a instalación duns compoñentes de confianza adicionais no equipo persoal.
- A descarga do cliente pesado debe realizarse unha vez conectado o equipo persoal á RCXG mediante o cliente web.





2. En Windows 7/8/10

2.1.Requisitos

- Deberá dispor dun equipo persoal con acceso a Internet
- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT de Persoa Física, Camerfirma, DNIe ou de Empregado Público, en ningún caso de empresa.
- No caso de que o certificado se encontre nunha tarxeta criptográfica, será preciso ter instaladas as aplicacións de lectura de certificados correspondentes en cada caso.
- Para usar a súa tarxeta de empregado/a público/a necesita que o equipo da súa casa dispoña do Software de xestión da tarxeta de empregado/a público/a (AWP ou Bit4ld segundo a tarxeta empregada), que pode solicitar a través de <u>Axudot</u>ou remitindo un correo electrónico ao seu CAU de referencia.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT ou Camerfirma dispoñibles a través da seguintes ligazóns :

https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt https://www.camerfirma.com/area-de-usuario/descarga-de-claves-publicas/ https://rest.camerfirma.com/certs/ac_camerfirma_natural_persons-2016.crt

- Debe ter un antivirus correctamente instalado e actualizado.
- Ten que ter activado o corta lumes no sistema desde o que se está a conectar.
- Debe aceptar todos os permisos necesarios durante a instalación do software VPN no seu sistema operativo para un correcto despregamento, no caso de que non acepte os permisos, o software non se instalará e non poderá conectarse á VPN.

2.2. Pasos para conectarse

1. Abrir no navegador e acceder á seguinte URL:

https://vpnxg.xunta.gal

A continuación amósase a seguinte mensaxe na que deberá pulsar en "Máis opcións"

Esperando o estado da inspeccion de punto final

O navegador está esperando o estado da aplicación Endpoint Inspector. Confirme que se iniciou esta aplicación e que non estea esperando que ingrese datos. Esta aplicación pódese encontrar detrás de outras ventanas no seu escritorio.

Máis opcións 🕨

2. Seleccione a opción "Iniciar"





Esperando o estado da inspección de punto final

O navegador está esperando o estado da aplicación Endpoint Inspector.

Confirme que se iniciou esta aplicación e que non estea esperando que ingrese datos. Esta aplicación pódese encontrar detrás de outras ventanas no seu escritorio.

Iniciar	Inicie novamente a inspección do punto de conexión
	Asegúrese de que non se estea executando outra instancia da aplicación.
Instalar	Instalar/reinstalar a aplicación Endpoint Inspector
	Seleccione esta opción se nunca se instalou
	Endpoint Inspector nesta máquina ou se
	houbo algún problema coa instalación.
Omitir	Omitir a inspección do punto de conexión
	O acceso pódese negar ou algúns recursos
	poden non estar dispoñibles dependendo de
	cómo configurara o acceso o seu
	administrador

3. Na seguinte ventá faga clic en "Descargar" para iniciar a descarga do paquete de instalación.

Compoñentes de cliente da inspección do punto de conexión requeridos



Despois de descargar o axente de inspección terá que abrilo para que a instalación comece automaticamente.



No caso de que non sexa administrador da máquina, debe dar permisos de administración premendo en continuar.

Permiso Requerido	Х
Necesita privilegios de administracion para instalar esta aplicacion	
Scontinuar Cancelar	r





4. Unha vez rematada a instalación (pasados uns segundos) <u>non se amosará ningunha mensaxe</u> <u>que confirme a mesma.</u> Prema en "Faga clic aquí".

Faga clic aquícando finalice a instalación.

*En caso de que se tente instalar o axente novamente e se amose a seguinte mensaxe, iso quere dicir que o axente xa está instalado e poderase continuar coa instalación e conexión da VPN premendo en "Faga clic aquí":

Configuración	×
Instalación en marcha. Por favor	
Cancelar	

5. Dado que o portal vai inspeccionar o seu equipo, e máis que probable que teña que dar permisos premendo en "Incluír este sitio na súa lista de sitios de confianza e permitir sempre a inspección desde este sitio".

Alerta de	e seguridad
<u> </u>	El sitio 'vpnxg.xunta.gal'esta intentando inspeccionar la configuracion de su sistema.
	nEste sitio no esta en su lista de Sitios de Confianza.
	Incluir este sitio a su lista de sitios de confianza, y siempre permitir la inspeccion desde este sitio.
	Permitir a este sitio para inspeccionar su sistema unicamente para esta sesion.
	No permitir a este sitio inspeccionar su sistema, y no conectar con este sitio.
	Cancelar

6. Despois de facer unha análise de seguridade do seu dispositivo, o navegador amosará a seguinte ventá na que deberá introducir o seu usuario corporativo que emprega para iniciar sesión habitualmente no equipo da oficina ou acceder á maiorías das ferramentas corporativas. Prema en "iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Ingrese a súa contrasinal e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Contrasinal				

Iniciar sesión





7. Se a autenticación no sistema é correcta solicitaráselle un certificado dixital. Debe premer en "Fai click aquí para continuar" e posteriormente unha vez seleccionado o certificado dixital en "Aceptar".

Fai clic na seguinte ligazón para continuar	Seleccionar un certificado Seleccionar un certificado para autenticarte como vpnxg.xunta.gal:443			×
	Asunto	Emisor	Número de serie	
A continuación solicitaráselle que seleccione o seu certificado. Se o seu certificado está no seu DNIe ou Tarreta de Empregado			STOLOU	
Público, prepare o lector e a contrasinal, xa que ten 30 segundos para seleccionalo e introducir a contrasinal, transcorridos os cales a sesión podería reiniciarse				
Fai clic aquí para continuar				
	Información sobr	re el certificado	Aceptar	Cancelar

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

🔨 XUNTA

Inicio de sesión seguro para Xunta	DE GALICIA
de Galicia Introduza o código enviado ao correo	Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.
	Este código é válido durante 5 minutos.
Iniciar sesión	O seu código é: 687965

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

8. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

> Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.





2.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado

2.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN

1. Despois de acceder con éxito á plataforma de VPN. amosarase o seu escritorio web onde poderá establecer a conexión á VPN vía web premendo en "Pica Para Conectar".

XUNTA DE GALICIA Rede Corporativa da Xunta de Galicia
Q Buscar recursos
Pulse para conectarse á Rede ▼
Pica para conectar
Acceso ás aplicacións •
Intranet Escritorio Remoto
Instalador Cliente VPN •
Cliente Pesado

***Recoméndase** instalar o cliente pesado da ferramenta e empregalo para a conexión diaria á VPN corporativa por resultar máis operativo. No apartado <u>2.3.2.Instalación e conexión a través</u> <u>do cliente pesado da VPN</u> atópase a información referente á instalación do cliente pesado da VPN

2.Prema en "Descargar" para descargar o paquete de instalación da VPN







3. Despois de descargar o axente de instalación terá que abrilo para que a instalación comece automaticamente.



6. No caso de que non sexa administrador da máquina, debe dar permisos de administración premendo en continuar.



7. Unha vez rematada a instalación (pasados uns segundos) <u>non se amosará ningunha mensaxe</u> <u>que confirme a mesma.</u> Prema en "Faga clic aquí".

Faga clic aquícando finalice a instalación.

8. Amosarase a seguinte mensaxe na que deberá premer en "Abrir enlace"

Elija una aplicación para abrir el enlace f5-epi.

F5 Networks Endpoint Inspec	tor	
Elija otra aplicación		Elegir
Utilizar siempre esta aplicación p	ara abrir enlaces f5	-ері
	<u>A</u> brir enlace	Cancelar

9. Entón abrirase unha xanela que iniciará a conexión a VPN e reducirase automaticamente cando se estableza o túnel.

.





/Common/Network_Access_Po	rtal_VPN - https	://vpnxg.xunta.ga	al - F5 VPN			-		>
5								
Conectado								
Contestado							Descon	ectai
					Duración	de la co	nexión: C	0:00
Tipo de tráfico	Enviado	Compresión	Recibido	Compresión				
Acceso de rede								
- Túnel de red	36.25 KB	0%	8.84 KB	0%				
- Aplicacións optimizadas	0 B	0%	0 B	0%				
Total	36.25 KB	0%	8.84 KB	0%				

9. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet.



Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

2.3.2. Instalación e conexión a través do cliente pesado da VPN

2.3.2.1. Instalación do cliente pesado da VPN

1. Unha vez conectado á VPN a través do escritorio web da plataforma, pode descargar o cliente pesado da VPN para que poida conectarse á mesma a través do seu equipo. Prema en "Client Pesado".







2. Despois de descargar o axente VPN terá que abrilo para iniciar a instalación.



BIGIPEdgeClient.exe ^

3. A continuación procederase a instalar o axente VPN seguindo a seguinte secuencia de instalación.





4. Finalizado o proceso de instalación do axente, amosarase a seguinte mensaxe solicitando reinciar o seu equipo:







Debe pechar todos os documentos e aplicacións que teña abertos e premer en "Yes" para proceder co reinicio do equipo.

2.3.2.2. Conexión da VPN a través do cliente pesado

1. Abra a icona da VPN na barra de tarefas do seu equipo situada xunto ao reloxo facendo dobre clic na mesma



2. Debe ir a opción "Cambiar servidor" e seleccionar VPNXG, no caso de que o campo estea baleiro debe indicar a URL <u>https://vpnxg.xunta.gal</u> e facer clic en "Seguinte."

Cliente BIG-IP Edge	<u>ты</u>		<u></u>		×
👝 Desco	onectado		Trafico E	ntrante	
🔥 s 🗉 Cli	ente BIG-IP Edge™		×	liente	
Selecc	onar Servidor				
Conexion VPNXG			~ 🗙		_
(
Cierre la c	Siguiente	Cancelar			
Cambiar Servidor		Mostrar Graficos	Ver	Detalles	

3. Prema en "Conectar" e abrirase unha nova xanela onde deberá autenticarse.

■ Cliente BIG-IP Edge [™]	- 🗆 X
Desconectado Servidor: VPNXG	Trafico Entrante 4.7 Kb/s Trafico Saliente 3.2 Kb/s
Conexion	
6 Conectar	0 Desconectar
Cierre la conexion y desconectese.	





Introduza o seu usuario corporativo que emprega para iniciar sesión habitualmente no equipo da oficina. Prema en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia	
Nome de Usuario]
Iniciar sesión	,

Ingrese a súa contrasinal e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia	
Contrasinal	
Iniciar sesión	

4. Se a autenticación no sistema é correcta solicitaráselle un certificado dixital. Debe premer en "Fai click aquí para continuar" e posteriormente unha vez seleccionado o certificado dixital en "Aceptar".

. . .

Fai clic na seguinte ligazón para continuar

A continuación solicitaráselle que seleccione o seu certificado. Se o seu certificado está no seu DNIe ou Tarxeta de Empregado Público, prepare o lector e a contrasinal, xa que ten 30 segundos para seleccionalo e introducir a contrasinal, transcorridos os cales a sesión podería reiniciarse

leccionar un certificado pa	ra autenticarte como v	pnxg.xunta.gal:443	
Asunto	Emisor	Número de serie	
-			
Información sobre el cert	ificado	Aceptar	Cancelar

×

Fai clic aquí para continuar

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión



Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: 687965

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.





5. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.

6. A ventá do axente de VPN minimizarase automaticamente e a conexión coa VPN estará habilitada. Para ver o estado da mesma debe abrir a icona da VPN dentro da barra de tarefas e facer dobre clic sobre a mesma.

mente b	IG-IP Edge ^{ree}				
	Conectado			Trafico En 803 b/s	trante
	Servidor: VPNXG Duración do la conovión: 00:00:24			Trafico Sa	
				2.7 Kb/s	
nexion					
)	Conectar	0	Desc	onectar	
stablece	r una conexion y reconectar automati	icamente s	i su conexio	on se cayera	. Use el
oton 'De	sconectar para cerrar la conexion y	desconecto	ande.		

7. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet de Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u> e pulsando en Enter/Intro.

Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

2.3.3. Conexión ao escritorio remoto

Para conectarse por escritorio remoto ao equipo da súa oficina, pode facelo dende o propio escritorio web da plataforma de VPN empregando a opción "Escritorio remoto". <u>Recorde</u> que previamente vostede deberá estar conectado á plataforma de VPN corporativa



Escritorio Remoto

Unha vez seleccionada, amosaráselle unha mensaxe para confirmar a descarga no seu equipo da conexión remota:







Debe pulsar en "Aceptar" e a continuación premer en "Conectar" para establecer a conexión ao seu equipo corporativo da oficina.

퉣 Cone	xión a Escritorio remo	to	×
ن 🦁	Confía en el editor d	e esta conexión remota?	
Esta cone antes de o	exión remota podría daña conectarse.	r el equipo local o remoto. Asegúrese de que confía en el editor	
	Editor:	vpnxq.xunta.gal	
S \$	Tipo:	Conexión a Escritorio remoto	
	Equipo remoto:		
	Servidor de puerta de enlace:	vpnxg xunta.gal	
🗌 No vol	lver a preguntarme sobre	conexiones remotas desde este editor	
💌 Most	rar detalles	Conectar Cancelar	

A maiores da posibilidade de poder conectarse en remoto a través do escritorio web da plataforma VPN, vostede tamén poderá realizar directamente dita conexión a través da ferramenta **"Conexión a Escritorio Remoto"** de Windows. Debe premer no botón Inicio de Windows e escribir Conexión a Escritorio Remoto, para que se lle amose a ferramenta.

Unha vez seleccionada a ferramenta, deberá inserir a dirección IP do seu equipo corporativo da oficina no campo "Equipo". Deberá premer en **Mostrar opciones** e no campo "Usuario" debe escribir XUNTA\usuarioXunta (usuario curto co que inicia sesión habitualmente no seu equipo da oficina ou emprega para acceder á maioría das ferramentas corporativas) e premer en **Conectar** para establecer a conexión ao seu equipo corporativo da oficina.

퉣 Conexió	ón a Escritorio remoto	_		×
N	Escritorio remoto Conexión			
Equipo: Usuario: Se solicitarár	XUNTA\ue03561 n credenciales al conectarse.	~		
💽 Mostrar	opciones	Conectar	Ауи	da

퉣 Cone	xión a Escritor	io remoto		—		Х
N	Escrito Cone	orio rem xión	ioto			
General	Pantalla Rec	ursos locales	Rendimiento	Opcione	es avanzad	as
Configu	ración del inicio	de sesión —				
	Escriba el n	ombre del equ	ipo remoto.			
	Equipo:				~	
	Usuario:	XUNTA				
	Se solicitará	n credenciale	s al conectarse.			
	Permitirm	e guardar las	credenciales			
Configu	ración de la cor	iexión				
	Guarde la co RDP o abra	onfiguración d una conexiór	le conexión actu 1 guardada.	ual en un	archivo	
	Guard	lar G	iuardar como		Abrir	
 Oculta 	ar opciones		Co	nectar	Ayu	da





3. En Mac OS

3.1. Requisitos

- Deberá dispor dun equipo persoal con acceso a Internet
- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT de Persoa Física, Camerfirma, DNIe ou de Empregado Público, en ningún caso de empresa.
- No caso de que o certificado se encontre nunha tarxeta criptográfica, será preciso ter instaladas as aplicacións de lectura correspondentes en cada caso.
- Para usar a súa tarxeta de empregado/a público/a necesita que o equipo da súa casa dispoña de: Software de xestión da tarxeta de empregado/a público/a (AWP ou Bit4ld segundo a tarxeta empregada), que pode solicitar a través de <u>Axudot</u> ou remitindo un correo a <u>cau@xunta.gal</u> debendo indicar a versión do sistema operativo instalada no equipo persoal.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT ou Camerfirma dispoñibles a través da seguintes ligazóns :

https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt https://www.camerfirma.com/area-de-usuario/descarga-de-claves-publicas/ https://rest.camerfirma.com/certs/ac_camerfirma_natural_persons-2016.crt

- Debe aceptar todos os permisos necesarios durante a instalación do software VPN no seu sistema operativo para un correcto despregamento, no caso de que non acepte os permisos, o software non se instalará e non poderá conectarse á VPN.
- O cliente pesado require **macOS 10.12** ou posterior.

3.2. Pasos para conectarse

1. Abrir un navegador e acceder á seguinte URL:

https://vpnxg.xunta.gal

2. Despois de facer unha análise de seguridade do seu dispositivo, o navegador amosará a seguinte ventá na que deberá introducir o seu usuario corporativo que emprega para iniciar sesión habitualmente no equipo da oficina ou acceder á maiorías das ferramentas corporativas. Prema en "iniciar sesión".

Nome de Usuar	io	

Ingrese a súa contrasinal e prema de novo en "Iniciar sesión".





Inicio de ses de Galicia	ión seguro para Xunta
Contrasinal	
Iniciar sesión	

3. Abrirase a seguinte ventá na que debe acceder ao seu chaveiro introducindo o seu contrasinal e facendo clic en "Permitir sempre" ou solicitarase esta autorización 3 veces

cada vez que se conecte á plataforma de VPN.

Δ	F5Access desea acceder a la llave "privateKey" de tu llavero.
	Para permitir esto, introduce la contraseña del llavero "Inicio de sesión".
	Contraseña:
?	Permitir siempre Denegar Permitir

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia



Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión

Este código é válido durante 5 minutos.

dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

O seu código é: 687965

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código

4. Aparecerá unha xanela coa información de Seguridade. Prema en "Aceptar".





3.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado

3.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN

1. Despois de acceder con éxito á plataforma de VPN. amosarase o seu escritorio web onde poderá establecer a conexión á VPN vía web premendo en "Pica Para Conectar".

XUNTA DE GALICIA Rede Corporativa da Xunta de Galicia
Q Buscar recursos
Pulse para conectarse á Rede ▼
Pica para conectar
Acceso ás aplicacións •
Intranet Escritorio Remoto
Instalador Cliente VPN 🕶
Cliente Pesado

2. Prema en "Permitir".











4. Na seguinte ventá prema en "Descargar" para descargar o paquete de instalación.



5. Despois de descargar o paquete de instalación terá que abrilo para que a instalación comece automaticamente.



6. Unha vez rematada a instalación (pasados uns segundos) <u>non se amosará ningunha mensaxe</u> <u>que confirme a mesma.</u> Prema en "Faga clic aquí".

Faga clic aquícando finalice a instalación.

7. Entón abrirase unha xanela que iniciará a conexión a VPN e reducirase automaticamente cando se estableza o túnel.





/Common/Network_Access_Por	rtal_VPN - https	://vpnxg.xunta.g	al - F5 VPN				-		Х
5									
🥥 Conectado									
						Duranián		Descon	ectar
Tipo de tráfico	Enviado	Compresión	Recibido	Compresión	1	Duración	de la co	nexion: (0:00:0
Acceso de rede	2	compresion		compresion	-				
- Túnel de red	36.25 KB	0%	8.84 KB	0%					
- Aplicacións optimizadas	0 B	0%	0 B	0%					
Total	36.25 KB	0%	8.84 KB	0%					
e									

8. Permita as notificacións para que a conexión teña éxito e poida acceder a tódolos recursos.

Notificaciones de "F5 VPN"	No permitir
Las notificaciones pueden incluir sonidos, avisos y globos en iconos.	Permitir

9.Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet.

Acceso ás aplicacións 🔹
Intranet

Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.



3.3.2. Instalación e conexión a través do cliente pesado da VPN

Recoméndase instalar o cliente pesado da ferramenta e empregalo para a conexión diaria á VPN corporativa por resultar máis operativo. No apartado <u>1.3.1 Descarga e instalación do cliente pesado da VPN</u> atópase a información referente á instalación do cliente pesado da VPN

1. Acceda ao xestor de aplicacións "Apple Store" do equipo e realice unha procura por "Acceso F5" ou "F5 access". Instale a aplicación resultante da procura que se indica a continuación e prema en "OBTENER":



2. A continuación instale o axente VPN seguindo a secuencia de instalación

• • 0	🥪 Instalar F5 VPN 🔒	• • •	🥪 Instalar F5 VPN	
 Introducción Destino Tipo instalación Instalación Resumen 	Instalador de F5 VPN Este programa te guiará a través de los pasos necesarios para instalar este software.	 Introducción Destino Tipo instalación Instalación Resumen 	Instalación estándar en "Macintosh HD" La instalación ocupará 78,9 MB de espacio en el ordenador. Haz clic en Instalar para realizar una instalación estándar de este software para todos los usuarios del ordenador. Podrán usar el software todos los usuarios del ordenador.	
	Retroceder		Retroceder Instalar	







3. Despois de instalar a aplicación, acceda á mesma dende a lista de aplicacións do equipo tal e como se indica a continuación.

• • •	Aplic	aciones		
< >		1 Q Buscar		
Favoritos	Nombre	 Fecha de modificación 	Tamaño	Clase
- Vídeos	🙆 Casa	12/6/20 3:05	3,4 MB	Aplicad
Escritorio	Catálogo Tipográfico	6/6/20 8:27	13,2 MB	Aplicad
Escritorio	Cisco	21/10/19 15:20		Carpet
U Descargas	🐚 Conexión a Escritorio remoto	1/9/12 0:00	16,1 MB	Aplica
Documentos	Contactos	22/6/20 5:24	14,2 MB	Aplica
A Diago	DaisyDisk	27/6/12 11:23	6,3 MB	Aplicad
Li Diego	Diccionario	6/6/20 8:15	3 MB	Aplicad
Aplicaciones	🙂 Dropbox	ayer 10:16	415,7 MB	Aplica
Dropbox	😝 F5 VPN	hoy 13:48	78,8 MB	Aplica
E Mining	S FaceTime	18/6/20 4:02	10 MB	Aplica
J Musica	ڬ Firefox	ayer 10:16	371,8 MB	Aplica
💿 Imágenes	Ø Flip Player	8/11/12 23:36	23 MB	Aplicad
AirDrop	Flip4Mac	20/10/12 20:19		Carpet
() / morop	Fotos	8/6/20 4:20	46,1 MB	Aplicad
Cloud	Google Chrome	8/5/21 6:47	496,8 MB	Aplicad
Cloud Drive	iPartition Macintosh HD > Nacintosh HD > Relicaciones > R	2/11/10 3:34	12,9 MB	Aplicad

4. Prema en "Permitir" para agregar a configuración da rede VPN.

5. Para engadir a nova rede VPN prema en "+" e engada os datos como se indica a continuación e finalmente prema en "Aceptar":

VPN Name: VPN XUNTA.

SERVER: https://vpnxg.xunta.gal

Username: introduza o usuario co que se vai conectar á VPN (usuario que emprega habitualmente para iniciar sesión no seu equipo da oficina ou para acceder á maioría das ferramentas corporativas)





Client certificate: seleccione o seu certificado dixital *Web Logon*: habilite esta opción *Show VPN Configuration in Menu*: habilite esta opción

0	F5 Access Configuration	
VPN XUNTA	Status: Not Connected	
	VPN Name: VPN XUNTA	
	Server: https://vpnxg.xunta.gal	
	Username:	
	Password:	
	Client Certificate: BALBOA	٥
	 ✓ Web Logon ✓ Show VPN Configuration in Menu 	
+ - /	Reve	rt Apply

6. Unha vez que a conexión estea habilitada e a ventá de configuración pechada, acceda ao menú da barra do menú de estado MAC (na esquina dereita indica Acceso F5) e seleccione Conectarse a VPN Xunta:



7. Introduza o seu usuario corporativo que emprega para iniciar sesión habitualmente no equipo da oficina. Prema en "Iniciar sesión".

me de Licuario	
ine de Osdano	





Ingrese a súa contrasinal e prema de novo en "Iniciar sesión".

Contrained	
Contrasinal	
1	

8. Abrirase unha ventá na que debe acceder ao seu chaveiro introducindo o seu contrasinal e facendo clic en "Permitir siempre" ou solicitarase esta autorización 3 veces cada vez que se conecte á VPN.

Ω	F5Access desea acceder a la llave "privateKey" de tu llavero.				
	Para permitir esto, introduce la contraseña del llavero "Inicio de sesión".				
	Contraseña:				
?	Permitir siempre Denegar Permitir				

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo.



Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.







11. A ventá da VPN minimízarase automaticamente e a conexión coa VPN iníciase do seguinte xeito.



12. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet..

Acceso ás aplicacións •	
Intranet	

Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.





4. En Linux

4.1. Requisitos

- Deberá dispor dun equipo persoal con acceso a Internet
- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT de Persoa Física, Camerfirma, DNIe ou de Empregado Público, en ningún caso de empresa.
- Debe ter instalado Mozilla Firefox.
- No caso de que o certificado se encontre nunha tarxeta criptográfica, será preciso ter instaladas as aplicacións de lectura correspondentes en cada caso.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT ou Camerfirma dispoñibles a través da seguintes ligazóns :

https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt https://www.camerfirma.com/area-de-usuario/descarga-de-claves-publicas/ https://rest.camerfirma.com/certs/ac_camerfirma_natural_persons-2016.crt

- Debe aceptar todos os permisos necesarios durante a instalación do software VPN no seu sistema operativo para un correcto despregamento, no caso de que non acepte os permisos, o software non se instalará e non poderá conectarse á VPN.
- Debe ter permisos de administración para poder instalar os diferentes compoñentes indicados no manual para acceder ao portal de conexión á VPN.

4.2. Pasos para conectarse

1. Abrir un navegador e acceder á seguinte URL:

https://vpnxg.xunta.gal

2. Ingrese o seu usuario e prema en "Iniciar sesión".

Inicio de ses de Galicia	ión seguro para Xunta
Nome de Usuario	
Iniciar sesión	l i i i i i i i i i i i i i i i i i i i

Ingrese a súa contrasinal e prema de novo en "Iniciar sesión".

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia		
Contrasinal		
Iniciar sesión		

4. Se a autenticación é correcta no sistema, deberá seleccionar o seu certificado e premer en "OK"





	User Ide	ntification Requ	Jest	1
his site has requested that	you identify yours	elf with a certif	ficate:	
onxg.xunta.gal:443				
rganization: "XUNTA DE GAI	JCIA"			
sued Under: "GlobalSign nv-	sa"			
hoose a certificate to pres	ent as identificatio	n:		
				 · ·
etails of selected certificate:				

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Terá 5 minutos para facelo.

Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia



de Galicia Introduza o código enviado ao correo

Iniciar sesión

Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: 687965

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

5. Aparecerá unha xanela coa información de Seguridade. Prema en "Aceptar".





4.3. Conexión á VPN a través do escritorio web ou do cliente pesado

4.3.1. Conexión a través do escritorio web da VPN

1. Despois de acceder con éxito á plataforma de VPN amosarase o seu escritorio web onde poderá establecer a conexión á versión web da VPN premendo en "Pica Para Conectar".

XUNTA DE GALICIA Rede Corporativa da Xunta de Galicia
Q Buscar recursos
Pulse para conectarse á Rede 🕶
Pica para conectar
Acceso ás aplicacións •
Intranet Escritorio Remoto
Instalador Cliente VPN 🔹
Cliente Pesado

2. Prema en "Máis opcións".



3. Prema en "Iniciar" na opción para instalar / reinstalar a aplicación de acceso á rede.





Iniciar	1
Interar	
	9

Instalar/reinstalar a aplicación Network Access

Seleccione esta opción se nunca se instalou a aplicación Network Access nesta máquina o se houbo algún problema coa instalación.

4. Abra o ficheiro descargado e prema en "Instalar".

<		fSvpn				
	F5 Nets	works network access module for browsers				
	SSL VPN application. This software can est	ablish SSL VPN network access connection with FS BIG-IP APM.				
	Pagna web					
	Detalles	-				
	Detalles Version	7211.2021.0107.1-1				
	Detalles Versión Actualizado	7211.2021.0107.1-1 Nunca				
	Pagna web Detalles Versión Actualizado Licencia	7211.2021.0107.1-1 Nunca Propertant				
	Pagna web Detalles Versión Actualizado Licencia Fuente	7211.2021.0107.1-1 Nunca Poperate Imux.: f5vpn.x8654-1.rpm				
	Pagna web Detalles Versión Actualizado Doencia Fuente Tamaño instalado	7211.2021.0107.1-1 Nunca Propertation Innux_fSvpn.x86_54-1.rpm 34,3 M8				

5. Confirme o seu contrasinal de súper usuario / administrador para iniciar a instalación do arquivo.



6. Unha vez instalado o software peche a xanela de instalación e regrese ao navegador para iniciar a VPN. Para iso, Prema en "Faga clic aquí cando finalice a instalación"

Faga clic aquícando finalice a instalación.

7. Abrirase unha xanela onde debe indicar o uso do software VPN F5 que acaba de instalar e que se usará para conectarse á VPN.





Launch Application	×
This link needs to be opened with an ap Send to:	lication.
F5 VPN	
Choose other Application	<u>C</u> hoose
Remember my choice for f5-ypp link	
Cancel	Open link
	1

8. Prema en "Permitir sempre a conexión VPN deste sitio" para que a VPN poida establecer a conexión.



9. Comezará a conexión VPN e poderase validar a comunicación correcta coa aplicación de conexión.

uardar <u>A</u> yuda					
5					
Conectado					Desconectar
Tipo de tráfico	Enviado	Compresión	Recibido	Compresió	n
Acceso de rede					
- Túnel de red	2.05 KB	0%	3.29 KB	0%	
 Aplicacións optimizadas 	0 B	0%	0 B	0%	
Total	2.05 KB	0%	3.29 KB	0%	

10. Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet.





Acceso	ás aplicacións 🔻
	Intranet

Se o acceso á Intranet é correcto entón a VPN corporativa estará habilitada.

4.3.2. Instalación e conexión a través do cliente pesado

Para persoas usuarias avanzadas de Linux, despois de iniciar sesión no portal, atoparán os axentes VPN e o manual para facer a conexión facendo clic na distribución correspondente.

Instalador Cliente VPNv			
Guía de instalación	linux_f5cli.armhf.deb	linux_f5cli.x86_64.deb	linux_f5cli.x86_64.rpm

Instalando estes aplicativos activarase a conexión mediante cli, é dicir, por terminal.

Abrir o terminal e executar:

f5fpc -s -x -t https://vpnxg.xunta.gal -u usuarioDA -r /rutacertificado/FNMT.p12

O campo Usuario DA é o seu usuario de Directorio Activo (usuario co que inicia sesión no seu equipo da oficina) e /home/usuario/Documentos/certificado/FNMT.p12 é a ruta na que está o arquivo físico do certificado Dixital FNMT.

Solicitarase o contrasinal do certificado en caso de dispoñer do mesmo e a continuación o contrasinal do usuario de Directorio Activo.

Non se amosará ningunha mensaxe ao conectar, para comprobar que está conectado debe executar o seguinte comando:

f5fpc -i

Xa se amosará o estado da conexión coma conectado.

Para desconectarse da VPN debe executar o comando:

f5fpc -s





5. En Android

5.1. Requisitos

- Deberá dispor de rede de datos no dispositivo móbil
- Deberá ter correctamente instalado no equipo e en vigor un Certificado Dixital FNMT no seu dispositivo móbil Android.
- A data e hora do equipo debe ser correcta.
- Debe ter instalado o certificado de entidade raíz da FNMT dispoñible a través da seguinte ligazón :

https://www.sede.fnmt.gob.es/descargas/certificados-raiz-de-la-fnmt

- Debe ter instalado como mínimo Android 4.x, 5.x, 6.x, 7.x, 8.0 e 10.
- Debe ter un correo electrónico válido no que recibirá un código para acceder á conexión VPN.
- Debe ter permisos de administración para poder instalar os diferentes compoñentes indicados no manual para acceder á conexión VPN.

5.2. Pasos para conectarse

1. Entre no xestor de aplicación "Play Store" ou na aplicación de descarga de Aplicacións do seu dispositivo Android e busque a aplicación "F5 Access". Proceda coa súa instalación.



2. Abra a aplicación para configurar o servidor de conexión para o túnel VPN. Acceda á configuración da aplicación premendo o botón de menú (3 franxas horizontais na esquina superior esquerda) como se amosa na seguinte imaxe:







No menú da parte superior esquerda, seleccione a opción Configuración:



Mostrarase unha ventá coa listaxe de conexións rexistradas na ferramenta, no caso de que houbese algunha.



3. Prema o botón "+" para engadir unha nova conexión e rexistre os datos do servidor VPN como se amosa na seguinte imaxe. Prema en "SEGUINTE"(NEXT) unha vez introducidos os datos.







4. Active a caixa de verificación de "Inicio de sesión web" e prema en "Certificado de cliente" para importar o certificado de usuario/a. Abrirase un asistente para importar o certificado do usuario/a na aplicación.

Settings: Add Configuration	/
Name VPNXG	
Server https://vpnxg.xunta.gal	
Web Logon Use Web logon for authentication	
Username	
Password Disabled by administrator	
Client certificate	
One Time Password Token	

5. Prema IMPORTAR, e seleccione "Elija del almacenamento de credenciales del dispositivo".



6. Seleccione o seu certificado asinado pola FNMT e faga clic en "Seleccionar" oo "Permitir" segundo se amose.

Cho	ose certificate	9	
The a Choo with s	pp F5 Access has re sing a certificate wil servers now and in th	equested a certificate. I let the app use this identity he future.	
	certificado fnn	nt	
	Deny	Select	





7. Prema 🎽 para gardar a configuración e pódese usar a nova conexión:

Settings: Add Configuration	~
Name VPNXG	
Server https://vpnxg.xunta.gal	
Web Logon Use Web logon for authentication	~
Username	
Password Disabled by administrator	
Client certificate certificado frimt	
One Time Password Token	

8. Prema no menú da esquina superior esquerda e seleccione "Conexión".



9. Prema na configuración e seleccione "VPNXG" e faga clic en "Conectar".







10. Dea permisos para que a aplicación poida xestionar chamadas dende o seu dispositivo móbil.

C
Allow F5 Access to make and manage phone calls?
Allow
Deny

11. Introduza o seu nome de usuario corporativo (co que inicia sesión habitualmente no equipo da oficina) e prema "Iniciar sesión". No caso de que apareza un texto no campo de usuario, debe borralo antes de introducir o seu usuario.

XUNTA DE GALICIA	
nicio de sesión seguro pa	ra
Cunta de Galicia	

Ingrese o seu contrasinal e faga clic en "Iniciar sesión".

Contrasinal			
l			
Iniciar	rasión		

*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo







12. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".

Ao acceder a esta rede e aos seus sistemas de información está vostede obrigado ao cumprimento da normativa en vigor, en particular da Política de Seguridade e do Decreto de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración xeral e do sector público de Galicia, no marco do requirido polo Esquema Nacional de Seguridade e o Regulamento Xeral de Protección de Datos Persoais.



13. Acepte os permisos requiridos pola aplicación para o seu correcto funcionamento premendo "Aceptar" ou OK.

Conn	ection requ	est	
F5 Ac up a V monit trust t	cess is reque 'PN connecti or network tr he source.	esting pe on that w affic. Onl	rmission to set /ill allow it to y allow this if you
An icc scree	on will be sho n while the V	own at the PN is in u	e top of your use. Allow?
	Cancel		OK

14. Cando se realice unha conexión correcta á plataforma VPN indicarase na aplicación.



Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u> e pulsando en Enter/Intro ou abrindo no escritorio web da plataforma a icona chamada Intranet..





6. En IOS (Iphone e Ipad)

6.1.Requisitos

- Deberá dispor de rede de datos no dispositivo móbil
- Deberá ter correctamente instalado no dispositivo e en vigor un Certificado Dixital FNMT (nesta guía explícase cómo importalo).
- Debe ter permisos de administración para poder instalar os diferentes compoñentes indicados no manual para acceder á conexión VPN.

6.2. Pasos para conectarse

Entre no xestor de aplicacións de Apple "Apple Store" e busque a aplicación "F5 Access". Proceda coa súa instalación.

(Contraction of the second sec	F5 Acces F5 Networks	SS s, Inc.
	ABRIR	Û
3 VALORACIONES	EDAD	CATEGORÍA
4,0 ★★★★☆	17+ años	Economía y emp

6.2.1. Importar o certificado FNMT (se non o ten xa no dispositivo)

1. O primeiro paso será importar o certificado se non o ten xa no seu dispositivo. Se dispón do certificado da FNMT noutro dispositivo, deberá exportalo dende o xestor de certificados do equipo onde o teña instalado, por exemplo: nun equipo windows como se amosa na seguinte imaxe.

🚔 certmgr - [Certificados - Usuario Archivo Acción Ver Ayuda	actual\Personal\Certificado	s]		-		×		
🗢 🔿 🙍 🐻 🔏 🛤 🗶 🛛	1 🗈 🛛 🖬							
Certificados - Usuario actual Personal Certificados Certificados Confianza empresarial Confianza empresarial	Emitido para Adobe Content Certific Adobe Content Certific Adobe Intermediate CA Adobe Intermediate CA	ate 10-5 ate 10-6 10-3 10-4	Emitido por Adobe Interme Adobe Interme Adobe Root CA Adobe Root CA	ediate ediate A 10-3 A 10-3	CA 10-3 CA 10-4	Fe 18 18 04 04		
Objeto de usuario de Activ Editores de confianza Certificados en los que po	C C C C C C C C C C C C C C C C C C C	Abrir Todas las	tareas	ios A	Abrir	23 09		
 Certificación Entidades de certificación Personas de confianza Emisores de autenticación Otras personas 		Cortar Copiar Flimipar			Solicitar ce Renovar ce	rtificado con rtificado con	clave nueva clave nueva	
 Curs personas CurrentUser ISG Trust 		Propieda	des		Operacione Exportar	es avanzadas		,
CoalMachine McAfee Trust MSIEHicton (curred)	<	Ayuda				>		





Teña en conta que ao exportar o certificado debe incluir a clave privada (contrasinal).

2. Envíe o ficheiro do certificado ao dispositivo e almacéneo neste (por exemplo na aplicación "Arquivos".

3. Cun dobre click pode descargalo e o poderá atopar para instalalo en Ajustes, aparecendo como "Perfil descargado" ou consultando na sección "Perfiles".

Ajustes	
Perfil descargado	
Cancelar Instalar perfil Instalar	
Certificado de identidad	
Firmado por <mark>Sin firma</mark> Contiene Certificado	
Más detalles >	
Eliminar perfil descargado	

4. Proceda a instalación do certificado. Este servirá tanto para a conexión VPN como para calquera aplicación que poida requerir un certificado persoal.

6.2.2. Dar permisos á aplicación para acceder ao certificado FNMT

Dende o ficheiro do certificado descargado, deberá otorgar permisos para poder compartir o certificado coa aplicación de conexión F5 Access. Para iso, haberá que seleccionar o certificado (por exemplo, na aplicación de *Archivos*,premendo *Compartir -->Mas*) e seleccionar a opción de *Compartir*. Primeiro hai que comprobar que F5 Access está habilitado para poder compartir:





Seleccionar todo 1 item OK O, Buscar	fnr	nt_jesus ud Drive	+Etiqueta	Actividades	ОК
e trot, jaus	Pulsa	para compartir con AirDrop		Añadir a Notas	=
	→ B WhithApp		•••	WhatsApp Business	
1 item	Business	0		Chrome Chrome	=

e despois compartir o certificado coa aplicación (Compartir \rightarrow F5 Access).

				🛾 Buscar 🔐 💝	20:19	₩ 76 % ■
				No selecciona	r nada 1 ítem	O
		œ	•••	Q. Buscar		
WhatsApp	Telegram	F5 Access	Más	Cancelar	F5 Access	Importar
				Introducir la d	contraseña:	
2	D			•••7		
-						Actar
Copiar	personas	Más				
r nem	, 3,1 00 uisp	Uninities en ru	luuu			
	Cano	elar				

Neste momento pedirá a clave do certificado.

6.2.3. Configuración da aplicación

1. Acceda a Aplicación F5 Access e prema en "Agregar Nueva". Nomee como desexe a nova conexión (recoméndase VPNXG) e no servidor introduza "<u>https://vpnxg.xunta.gal</u>".

2. Marque as opcións "Inicio de sesión en la web" e "Certificado de uso" e a aplicación pediralle escoller un certificado. Se non ve ningún certificado repita os primeiros pasos desta guía para iOs relacionados coa activación do certificado.









3. Se todo está correcto poderá ver a conexión instalada no menú "Configuración".







E para conectar sen desconectar simplemente prema no botón "Conexión" da sección "Conexión".



4. A aplicación solicitará as credenciais de usuario Windows da Xunta de Galicia.

XUNTA DE GALICIA	
nicio de sesión seguro	para
unta de Galicia	

Ingrese tamén o seu contrasinal e faga clic en "Iniciar sesión".

Contrasinal	





*Por motivos de seguridade, nalgúns casos terá que introducir un código enviado ao seu correo electrónico. Será informado do envío e terá 5 minutos para facelo



Inicio de sesión seguro para Xunta de Galicia

Introduza o código enviado ao correo

Solicitou vostede acceso á plataforma de acceso remoto da Xunta de Galicia. Xerouse un código dun so uso que deberá introducir para completar o acceso.

Este código é válido durante 5 minutos.

O seu código é: 687965

Por favor introduza o código no formulario que se lle mostra para completar o acceso.

5. Posteriormente amosarase unha ventá con información de Seguridade de interese para vostede. Debe premer en "Aceptar".





Pode verificar que a VPN funciona correctamente accedendo a un navegador e escribindo por exemplo na barra de enderezos a dirección web da Intranet da Xunta de Galicia <u>https://intranet.xunta.gal</u>.





7. Preguntas frecuentes

• Podo conectarme por escritorio remoto ao meu PC de Xunta?

Si, empregando a VPNXG F5 poderá conectarse remotamente ao seu equipo da oficina.

Podo conectar no meu PC particular ás carpetas de rede?

Coa conexión da VPNXG F5 no equipo persoal automáticamente xa se mapean as unidades de rede (S:,T:,R;...) salvo a carpeta persoal (P:) a cal haberá que configurar manualmente. En caso de precisar axuda, pode contactar co seu CAU de referencia.

• Que fago se o equipo da casa non le o certificado?

Deberá revisar que teña instalado no equipo da casa o software de xestión da tarxeta de empregado/a público/a (AWP ou Bit4Id segundo a tarxeta empregada), que poderá solicitar a través de Axudot ou remitindo un correo electrónico ao seu CAU de referencia.